

## TEXTO DE ACOLLIDA AOS FUTUROS ALUMNOS E ALUMNAS DO IES MILLADOIRO

Bo día a todos e a todas, mestres, mestras e futuro alumnado do IES do Milladoiro. Dámosvos a benvida en representación do resto do alumnado e do profesorado que hoxe non poderá estar con vós.

Este grupo de compañeiros que está aquí comigo, e eu mesmo, que son Pepe, imos ser titores vosos o próximo curso, polo que pensamos en irvos adiantando un pouco do que atoparedes e así xa o ides pensando no verán. Ímosvos contar algunhas das vantaxes e tamén algunhas das desvantaxes de pasar do colexio ao instituto, pero, tranquilos, non vos preocupedes innecesariamente, como eu digo, case todos os cambios adoitan ser para mellor.

Ides notar moitas cousas raras na actitude dos adultos cara a vós e ides ter que estar á altura, pero para iso está o primeiro ano, para que poidades irvos adaptando, e non ides estar sós: teredes moita axuda para ese proceso que ás veces pode ser difícil. Non pensedes que é horrible. É unha viaxe, cando menos, intensa.

Mirádenos a nós, que xa imos para terceiro e aínda parece que foi onte canto entramos aquí coma uns pitiños asustados. Atendede ben, estade caladiños e atentos, porque vos imos dar moitas claves básicas.

Adaptarse ao instituto ten cousas que vos van custar. Para que negalo! A alarma para entrar na aula pita moi cedo pola mañá e pita moi tarde ao mediodía. Cal é o resultado? Pois que saír da cama cando soa o despertador custa un mundo e as tripas, mentres non se afán ao novo horario, parece que teñen vida propia. Cando chegas á casa, comerías un carneiro ao espeto! Os profes din que as primeiras horas son as mellores, claro, estamos todos aínda durmindo e non se oe un chíó! Pero imos ver o que di Mario sobre a adaptación ao insti.

Sara velle o malo á adaptación, mais, moitos de vós, se ides en transporte escolar, xa estaredes madrugando tanto como para vir ao insti. En realidade, comezamos ás nove menos dez... iso si, aquí hai que ser puntuais. A puntualidade é un dos puntos inflexibles, chegar tarde fai que non poidas entrar nesa hora na aula... coa súa consecuencia, claro! O da fame... iso é certo, mais non hai nada que non se solucione traendo merendas potentes. Adaptarse ao insti pode parecer complicado, pero, en realidade, é unha oportunidade tremenda de atopar xente coa que conectar e coa que despois compartir o tempo de ocio, ides ver como se abre un mundo de posibilidades máis grande ca o que coñecíades ata agora.

Se vos fixastes no edificio cando entrastes, veriades que as instalacións non teñen nada que ver cos vosos coles de procedencia. Isto é grande, grande e revirado! Non só teredes unha aula de referencia, que esa localizarédela enseguida, é que vos desdobrearedes para diferentes grupos nos idiomas, en plástica ides coñecer as catacumbas do centro, en música iredes para o lado contrario, informática no soto, educación física dentro por unha porta ou fóra por outra, as fotocopias na conserxería, para atopar profes na sala ou nos departamentos... Isto é un mundo e ao primeiro seguro, seguro que vos ides perder, pero, para iso, nós, que somos moi riquiñas, ímosvos ensinar un mapa que vos pode axudar ao comezo. Isto todo é para vós, pero, ollo, hai que coidalo e saber en que momentos podemos usalos ou non. No recreo podemos ir á cafetería, estar por arriba e nos patios, pero non nas aulas nin nos corredores interiores; aos conserxes podemos pedirilles cousas, mais hai que ter bos modos e saber esperar, e o mesmo co material que é de uso común. Vaia, que nun par de semanas xa estará todo dominado, non si, Icíá?

Claro, Alba, imaxínate, por primeira vez ides ter cafetería: para mercar bocata cando o esquecedes ou para estar charlando e se, coma nós, ides gañando algún premio, ata poderedes ter merendas en horario escolar, así, pola cara! Tamén están as aulas de música, con moitos instrumentos e o laboratorio, que hoxe ides

coñecelo e que, se tedes sorte, poderedes usar semanalmente para poñer a andar as neuronas tocando e vendo. Por último, tamén teredes a novidade do taller de tecnoloxía. Alba comentouvos que non se pode estar polos corredores, e isto é importante cumprilo, aínda que, non vos preocupedes se ao comezo vedes corredores atrancados mentres non se establece a normalidade, os profes deixan as portas pechadas no recreo así que, acordádevos da merenda antes de saír e despreocupádevos do que deixades na aula, ninguén vos vai remexer nela. É vosa e vós deberedes mantela coidada e limpa.

Sabedes xa que o número de profesores e profesoras se vos vai multiplicar? Si, un para cada materia, nin máis nin menos, así que, sinto dicirvos isto, para algúns seredes 'neno' ou 'nena' unhas cantas semanas, no mellor dos casos, e para outros se es, por exemplo, Matías ou Nicolás, é probable que acabes o ano chamándote Mateo. Os profes de Secundaria teñen moitos grupos e ven centos de caras cada día, os que teñen memoria fotográfica enseguida te fichan, os outros, xa volo digo, cámbianvos o nome, o grupo e o curso con frecuencia... Non llelo tomedes a mal, fan o que poden... Peeero, por se acaso, ti non esquezas o seu nome, nin se queren caderno ou carpeta, libro ou non libro, exames longos ou breves, traballos ou fichas de control, se usan encerado ou nin o tocan. Iso é así, cada un ten o seu método e ao comezo iso pódete estresar un pouco. É cuestión de estar atentos e afacerse! Atendede ben os criterios e recomendacións que vos dean, non sexa que contedes que un cinco é un cinco e resulta que sexa un cinco sobre vinte! A que si, Manuel, que xa levamos máis dun desgusto coas contas mal botadas?

Moi bo, Paula, ese consello que non o esquezan, anotade na axenda, que para iso está! O bo de ter profes en cada materia é que cada un é especialista do seu, así a priori parece que non é interesante, pero non vexades o que cunde poder preguntar de todo. De todo! Sabe moito esta xente, hehehehe, que aínda están as notas sen poñer...

Á parte dos profes, hai máis persoal no centro, entre eles, a orientadora e a xefa de estudos, que vos van ter o ollo enriba pero para ben. Aquí ninguén vén para pasalo mal, iso é fundamental. Quen teña problemas de calquera tipo, sempre vai ter a alguén para botarlle un cable e que enseguida poida solucionalo e volver á normalidade. Da titora ou titor vanvos falar os compis que xa están desexando comentarvos de que van as titorías por aquí.

Na secundaria teredes unha hora de titorías marcada no voso horario. Si, oídes ben, pode parecervos moito porque non a tiñades en primaria e non sabedes para que serve, pero xa vos adianto que é insuficiente. Hai tantas cousas que falar e que resolver que unha hora non chega a nada. Case sempre acabas invadindo a materia que imparta o teu titor ou titora, ou asaltándoo nos recreos, como cadre. Outra das cousas malas é que nunha hora semanal tárdase en coller confianza, algunha xente, cando a colle, xa case ten un pé no final do curso. E os obradoiros tamén van restando a ese tempo de ti a ti... Non pensas coma min, Yanet?

Pois si, Marcela, estou contigo, faise escaso, por iso non hai que desaproveitalo! Nesa hora, se se organiza ben a cousa, saen os inconvenientes, as dúbidas e todo o que nos preocupa e que pensemos que podemos solucionar coa colaboración da titora ou do titor. E tamén se perde de dar materia, claro, moitas veces as actividades son de ocio: de coñecernos, de xogos, de ver algunha curta interesante... Tamén hai moitos obradoiros que son bastante interesantes e que imparten persoas especialistas bastante riquiñas. Coñecer o titor ou a titora e ter confianza co grupo é fundamental para estar a gusto, así que poñede da vosa parte!

O voso tempo de ocio estará, fundamentalmente, nos recreos, si, oístes ben de novo, aquí temos dous recreos, pero, iso si, só duran 20 minutos. Iso... iso se a clase remata puntualmente e non che rabuñan uns minutos: recados, anotade isto na axenda, unha cousa que non dixen é que... ou se non cadra que comezas

ou rematas un exame tirando dese tempo. Ao principio os recreos vanvos dar apuro, aquí somos un lote de xente, e hai persoas que terán o triplo do voso corpo, máis ou menos, que pode parecer enorme... E si, adoitan ocupar as pistas e tamén pasarvos diante cando esteades na cafetería esperando polo bocadillo. Mais, tranquilos, eu, Adrián, e outros moitos compañeiros titores, coma Marcos, estamos aquí para integrarvos na medida do posible.

Tes razón, aquí estaremos nós para axudar, e tamén están as actividades programadas: partidos, baile e outros deportes, a biblioteca, que ten xogos, ordenadores e mesas fóra para charlar, as zonas de céspede que, mentres non chove ben valen para estar botando un conto... En realidade, o recreo pode ser un lugar ben divertido se ti estás disposto e disposta a que o sexa. Animámosvos a participar e a interactuar co resto de alumnado. Non vos encerredeis na pantalla do móbil nin tampouco pensedes que non encaixades. Somos tantos e tan diversos que malo ha ser que non cadredes con persoas que vos caian ben para compartir o ocio.

E falando de ocio, tamén están os festivais e as saídas. Vale, aquí temos que confesarvos unha cousa: non son tan divertidos coma en Ventín e son escasos. E, ademais, se queremos que saian adiante, temos que traballar nós. Aquí non hai mestres nin mestras que organicen, decoren, disfracen... A proposta é que e se queremos que un festival saia adiante, temos que formar un grupo, propoñer unha actuación, ensaiar, facer os nosos propios disfraces cunha temática... En fin... E as saídas seeeeeeeempre teñen unha finalidade educativa, non hai xeito de escapar, o tempo libre nas saídas é coma unha estrela fugaz, dura segundos... Estás comigo, Nuria?

A ver, Irene, tampouco esaxeremos, que non se traballa tanto e, o que se traballa, merece a pena. Eu, por exemplo, este ano aprendín unha coreografía de Mamma Mía e nin tan mal! E o Magosto estivo ben, sempre te podes xuntar con outras clases e outras persoas, non hai que estar en grupo todos sen poder nin poñer un pé fóra do círculo. Eu síntome bastante libre. E non sei ti, pero a min o de ir co pano vermello no pescozo xa me estaba chegando, aquí, como moito, bótanche un berro se é a unha da mañá e aínda estás de risas no cuarto despois de patear todo o día.

Pero que paaaaasa? Que vos estamos dando idea que isto é o mundo ideal onde viven unicornios e... vai ser que non, a que non, Mario? Aquí vense a traballar, e vaia se se traballa... E como se sabe se traballas ou non? Pois con exames, múltiples, diversos e variados exames. E cadernos. E exposicións. E lecturas... E longos, que, como non apures, recóllencho a medio facer. E as datas son inflexibles, se o esqueciches, nada de ir ao día seguinte pedindo papas. Atendede este consello que vos dou: estudade diariamente, non acumuledes, repasade, facede esquemas, pasade a limpo... O que queirades, pero non acumuledes, porque aquí hai algo que se chama semana dos exames. Non está escrito en ningures que todos teñan que ser aí, pero debe ser maxia, ou algo, que todos cadran xuntiños, xuntiños, ata dous ou tres nun día. E nalgúns ata che piden que razoos! Que estrés o dos exames!

Aí lle deches, Iago, os exames son o prato de menos gusto pero... a que se non os houberse non abría a carpeta nin o gato? A min, persoalmente, non digo que me gusten, pero recoñezo que moito aprendín neste tempo e, se non houberse esa probiña ao final dos temas, se cadra... outra cousa sería! E non digas que non nos avisan con tempo, algún xa pon os exames do ano todo en outubro! Se iso non é previsión... Algo teremos que demostrar nós tamén, non? Pois iso, só consiste en demostrar que non vimos aquí só de festival!

---

Pero, queridos futuros compañeiros e compañeiras, hai outra cousa que espero que non coñezades, os partes. Os partes póñenos os profes cando te portas mal ou te pillan onde non debes. Saes con el da aula e vas para atención educativa, onde tes que acabar a hora facendo tarefa. Cando chegas á casa pode suceder que xa o titor falase cos teus pais, ou que sexas ti mesmo quen teña que contar o que fixeches. E non, non vale non dicilo porque tes que traer o parte asinado e nel pon exactamente o que fixeches. Se acumulas partes hai diferentes castigos, primeiro estás días en atención educativa, podes ter que vir pola tarde ao insti, facer traballo comunitario ou chegar ao peor, a expulsión. Pode parecer guai, unha semana sen instituto, pero garántovos que non mola nada de nada. Pero vós tedes cara de bos, así que iso non creo que vos pase. Ti que dis, Noel?

Pois digo coma ti, Marcos, que non mola nada acumular partes e acabar expulsado. Os partes son unha chamada de atención e, se os recibes, tes a obriga de reparar o que fixeches mal e reflexionar sobre o tema. E con reparar pode ser unha desculpa sincera, reparar materialmente se estragaches algo ou o que sexa necesario. Ás veces os partes poden cabrearte, pero tamén poden axudarche a que te deas de conta de que por aí NON. Non hai necesidade de vir aquí a facer o mal, se tes problemas, busca axuda, non cha van negar, aquí acabamos sendo unha gran familia, todo se sabe e toda a información importante acaba saltando, é mellor que elixas o camiño bo, é máis levadeiro.

E unha desas persoas ás que podedes recorrer somos os titores do TEI. O TEI é un programa de titorización, os de 3º imos titorizarvos aos de 1º. Pero en 3º non todos estaremos igual de receptivos, se o voso titor ou titora non ten gana de ter un medio fillo polo insti, probablemente só o vexades nas actividades que se organizan, que son variadas. Non ten por que caervos ben. Nin vós a eles. Todos somos humanos e nós estamos aprendendo igual ca vós e medrando aínda, igual ca vós. Fixádevos en Pedro, que aínda non parou de medrar e xa non sei por onde vai...

Pero se somos boa xente, Sergio, a maioría de titores e titoras son de dez. Xa o veredes, hai moitas actividades organizadas para que nos coñezamos, e pérdese clase, he, he, he... Xa vos dixemos que podedes confiar e acudir a un lote de xente, pero onde estea esta chavalada lista e disposta que se quiten orientadores e titores, non vos digo máis. Ímolo pasar de marabilla nas saídas e nas actividades dos grupos de TEI e imos ser o faro que vos ilumine nas primeiras semanas. Contade con nós!

Pois ben, confiamos en que toda esta información tan valiosa vos axudase a varias cousas:

Unha, a saber que non ides estar desamparados, que ides ter xente na que confiar desde o primeiro momento.

Dúas, aquí non se come a ninguén: en xeral, a xente é bastante riquiña e o ambiente é bo. Incluso diría que primeiro está bastante chupado...

Tres, ídelles dicindo ata logo ás mamás e papás que vos pautan todo o tempo e toda a axenda... A AXENDA, esa é outra amiga que ides coñecer pronto, tan pronto como aterredes oficialmente aquí. E aí si que, de verdade, seredes persoal do instituto!

Pasade unha boa xornada e vémonos de novo en setembro!

---